

::pro videncia::

Estíbaliz Espinosa, 2005

**Premio José Saramago de relato curto, Santiago de
Compostela, 2008**

Estíbaliz Espinosa

Vai acontecer.

El dobra o recanto. Agardas no semáforo. A mañá transcorre paulatina, monacal.

Nun nanosegundo calquera unha gaiyota ganchilla un chíó que estira o tiempo, enlentece. Enaltece. O tempo así, privilexiado e con luxo, acada un cimo de *tsunami*. Unha apoteose. Despois diso só se pode caer. Caer con luxuria. Dende a soberbia dos segundos relambéndose a si mesmos. Dende a súa preguiza. Irados. Gorentosos. Un tempo lento é os sete pecados capitais.

Pasos teus. Pasos seus. Aínda non vos intuístes. A vista vai pendente doutras cuestións, o trafego, un can pulgoso, bolsas de plástico que allea o vento. O olfato dorme a súa sesta de milenios. O oído repercute nunha secuencia de sons rutineiros, os de cada cidade pola mañá, os da présa, a polución, as reixas renxendo e o resto húmido do corpo na cama. Na escea a gente que vos rodea [existe esa xente?] comeza a se comportar coma un coro de figurantes cun papel aprendido.

Unha muller loura, por exemplo. Non sabemos como, pero se interpón un intre na liña imaxinaria de pasos que estades próximos a dar. Ao punto, lembra algo e xira sobre os seus talóns. Cobrará un cheque dentro de 15 minutos 20 segundos, e non estará aí para cruzar o semáforo cando o que ha de acontecer aconteza.

Un home cun voluminoso instrumento musical deténese nesa mesma liña imaxinaria, e o contorno do vulto seu experto en Shostakóvich copia exactamente o das vosas siluetas. De xeito que aínda non vos vedes.

Tres adolescentes corren de súpeto. As súas coxas axitan con hormonas pedindo paso, os seus rostros arrubian como transfusións e rin e berran sen motivo. Niso consiste a adolescencia. E a vós déixanvos o paso libre.

Todo separarase para vós. Dende o ceo a coreografía aprezaríase precisa, como mil veces ensaiada.

Na estratosfera o po cósmico restala contra o ozono. Un circunspecto globo meteorolóxico predí as baixas presións e a chuvia de mañá.

O *tsunami* é unha onda de tempo comprimido. Os sucesos enguedéllanse:

En lugares remotos, un hominoide contempla un amencer e o seu, polo de agora, abundante vello encrespa de gusto. Os suevos crean un reino do que ninguén falará despois. A cabeza galega de Prisciliano pestanexa recién decapitada polo chan de Tréveris. Os piñeiros rumorosos din algo na costa verdesciente, algo polo que se preguntarán nos séculos vindeiros, puño en alto. Melancolicamente capciosa, a Raíña Lupa apoiada nun peitoril pregunta aos seus corvos: *Existo? Dícideme...* No mesmo *tsunami* de tempo, Exeria. Exeria acende unha lámpada bizantina, lonxe da súa terra, e un suspiro desenrola o pergameo no que o escribirá todo. Urraca, raíña, é repudiada por un anaco norte de terra ibérica. Todo devén asemade, Inés de Castro, acoitelada, o dolmen de Dombate, erixido, Meendiño, trovando, Marcela e mais Elisa dándose o *Si, quero* en San Jorge...Jacqueline du Pré sente de pronto un dedo anestesiado no *la* e o seu vibrato languidece lastimosamente baixo o arco de crinas de cabalo mongol.

En lugares remotos acontece todo iso que outros, noutros lugares, darán por acontecido.

Nesta páxina que eu rexistro, o tempo acazapa. Ata que eu o quero.

Quero que prosiga agora.

Daquela foi. Que.

O *tsunami* de tempo agota o seu tempo, excitado sobre si mesmo. É entón que se deita con furia sobre o asfalto dunha cidade de provincias á que a mañá non deparara grande cousa. É entón.

Sen embargo, ninguén advirte ese *tsunami*. É xordo, transparente, non acarreta auga nin demolición ao seu paso. Foi un tempo suspendido infinitamente baixo as árbores sen nome dunha rúa transitada, comercial, matutina. Algún dispositivo remoto envía un sinal que repta coa obediencia do inerte, do físico, e o semáforo cambia a verde e, dalgún modo, é o seu sorriso.

Como reactivada, a luz torna florentina e alivia o día da súa inscrición nun almanaque de días iguais.

Verde. O semáforo axuda aos cegos a cruzaren cun soniquete. A maré de coches empotra contra unha liña imaxinaria, ruxindo. Detida. Ese mar de polución ábrese nunha corredoira fantasmal de luz antártica, limpísima.

Ti estabas no semáforo, a piques de cruzar. Ti detiveches durante toda esa retracción da maré de acontecementos, con indiferenza. Ti tocas o teu pelo, rízalo e alísalo cun dedo, é un aceno teu. Recréalo, sénteste máis ti.

Comezas a cruzar. Por esa corredoira invisible aos teus ollos prosaicos, ocupados en ver. Non miras a ningún lugar en concreto. O aire especializouse en ti, se ben parece non decatarte. De modo que o aire transforma en aura e, por un intre, podemos crer nun mínimo esotérico universal e seguir lendo.

El xoga coa chave do coche. Dobrou a esquina da páxina ao principio do relato e encamiñouse ao mesmo cruce, xusto en dirección oposta á túa. A muller loura desapareceu, tragada por unhas portas automáticas. As tres adolescentes da escena previa tamén se afastan, virxes posuídas. O home desprazou uns metros o vulto musical de 238 anos de antigüidade. Vén de tocar Elgar e o último *mi* ficou gravitando na corda. O universo enteiro entoa un *mi menor* durante non sei cantos durantes. Resoa a eco tráxico. Ao cambiar de lugar [o semáforo cambiou a verde], ese instrumento coa forma dun corpo mutilado deixa á vista os vosos corpos enteiros, epopeicos, noutra tonalidade, en fa maior, en do, cun eco vibrante do ardume sensual que se aveciña.

A distancia acurta.

O día anticípase aos vosos ollos e míravos primeiro.

Nós anticipámonos aos vosos ollos e vímosvos.

Ollamos cara vós dende este lado da páxina. Vémolo todo. A túa saia iridiada, as túas pernas [un dous, un dous] cruzando cara ao final deste parágrafo, os teus ollos. Ocupados en ver.

Velo.

Te ve.

O *tsunami* esborralla.

Imperceptible, un graniño de area, a bágoa dun ancián nun asilo.
Silencioso.

O *tsunami* envólvevos na súa torsión cálida de sexo frío. O *tsunami* decapítavos. Tritura os vosos ósos. Moe o corazón. Anega os ollos de vasos capilares.

As pupilas, na morte tamén sucede así, dilatan ata abrangueren os límites do cosmos e atanguer o dorso desta folla.

Nas súas pupilas camiñas ti.

El avanza dentro, nas túas.

O nervio óptico envía o sinal uns milisegundos máis tarde: identifícalo.

É o home que te cruzas cada mes na rúa. Non vos coñecedes oficialmente. Lembras vagamente que estudou no teu colexio. Uns anos maior ca ti. Tiña un irmán. Cres que poderías dicir o seu nome completo. Non sabes nada máis.

Olládesvos.

O *tsunami* mergúllavos por completo, o aire densifica, todo regresa a unha condición submarina, a unha condición prehumana.

Olládesvos.

Toda unha estirpe humana óllase en vós.

Olládesvos.

Como cada mes, na rúa [a mesma rúa? Non, foron outras]. Olládesvos e arrecende a inferno.

Mirádesvos durante xeracións enteiras, durante glaciacións, durante xiros completos de galaxia, durante o bater de ás dun insecto. Son un, dous, tres, catro pestanexos. Un, dous tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove pasos.

O momento brutal rematou. O día recupera o seu *tempo*. Non foi nada. Non doeu. Os teus pasos. Non variou o seu ritmo. Tampouco o dos seus. A chave segue nas súas mans e con ela abrirá o coche nuns minutos. O teu pensamento quere dirixirse a outra parte, ao autobús que talvez collerás rumbo a casa, agora que por fin cruzaches.

O brado de coches pecha o mar ás túas costas. O mundo anova. El afasta suando unha chave.

Non foi nada. Non doeu.

A sensación que deixa é a de ter tragado un pouco plutonio.

3

Obsesionaches cun rostro que non coñeces de nada. Do colexio, si. Pero de nada. De ollar. Non se coñecen persoas diso. De vista, dicimos. *Coñézoa de vista*. Vímolala, quere dicir. *Pero ver*, así nos prevén as profesoras de inglés, *non vos é ollar*. Coñézoa do café *Alicia*. Coñézoa da praza *Kafka*. Creo que vai bastante polo *Veciño langrán*. Si, xoga ao tenis no club do meu pai. Traballa en correos. Vive no piso de abaixo e toca o clarinete, ou o óboe, non sei.

De casos así coñécense persoas.

De mirarse, non.

Mirarse mutuamente é unha penetración. Coñécese a xente a raíz de penetracións, dende logo. Coñécese. Bíblicamente, coñécense. Ou algo. Pero non dese tipo de penetracións sutís, consentidas. Virxinais.

Serves unha cunca de té moi quente e échelo ata queimar os dedos.

A cunca cae e desfragmenta o teu pensamento.

Pos unha cazadora calquera.

Tes que saír procuralo.

4

Levas seis meses así. Cun rostro. Vives con el. Ás costas. Chega a ser fatigoso. O rostro humano... dende cando o amamos? Por que en ningunha caverna prehistórica aparece? Está claro que os habitantes de entón namoraban doutras cuestións: cheiros, cadeiras, fecundidade, natureza.

O rostro foi usurpado á natureza.

O amor ao rostro é unha aprendizaxe: a nai, o seu rostro, a familia nuclear, as amizades íntimas, rostro con rostro, as fotografías, os primeiros planos, o cine, matices delicadísimos dun rostro, o seu humor, o seu temperamento, o seu segredo, os grandes valados publicitarios onde os dentes do sorriso superan en tamaño ao home que cola o cartel...

O home que te olla. Cada mes. Ouriza entón a cidade pola que camiñas. Algunha esquina pola que o vento vén de sementar unha tempestade. Algunha rúa aburrida, tendas de lado a lado, cafeterías, portais con buzóns ateigados de publicidade rechamante. O seu rostro chega entón para ollarte. Para che devolver algo, unha parte perdida do teu corpo, algunha que hai tempo que ti mesma non contempas, as sofraxes hipersensibles, un músculo do pescozo, as enxivas...

O seu rostro... como describiría eu o seu rostro?

5

Como obxecto, o seu rostro sería un gong. Os seus ollos soan a gong, perfílanse contra unha tarde chinesa, desas de cerdeiras e damas da corte con dagas en estoxos de laca. Non é alto. O seu rostro é o seu corpo enteiro. Solicita ser abrazado dende atrás. Algún utensilio de madeira fendeu para a súa boca. Unha culler, seica. A súa boca é literalmente unha boca. Require do seu amante unha metamorfose en culler de buxo para nutrila. Non lembrás o seu nariz. Apenas existe. Non cres que exista. Un rostro así non precisa respirar. É unha máscara africana. É un país oriental. É un compás.

A última vez fixécheste en que tiña máis canas que outras veces.

Transcorreu tanto tempo. E só vos coñecedes de vos mirar ata vos engulir un, dous, tres, catro segundos. E xa.

O corpo é pequeno. Diminuto. O seu rostro concentrouno todo durante o embarazo da súa nai. Non pensas no seu sexo. En absoluto. Non o pensas espido. Non. Ti ves a súa cara, a súa cara cor chama de refinería, mar de Punta Herminia, alga seca. É a súa cara a que desexas e se o corpo vén con ela que lle imos a facer.

As mulleres contemplan o corpo do home moito tempo logo de comprobar a calidade do seu rostro.

6

- Ola, boas tardes
- Ola
- Onde imos?
- A pasear
- Perdón?
- Que pasee. Non vou a ningún lugar en concreto.

- Bueno, por onde eu...
- Unha media hora. Logo, regresamos aquí
- Vale, vale. E isto...por onde eu queira?
- Si. Vaia por onde lle apeteza.
- Levo doce anos no taxi e nunca me pediran nada semellante. Coná

Tampouco a ti. Nunca che pasou nada igual. A obsesión abrása as túas noites, préndeas de insomnio. El pode estar en calquera parte. Podería estar saíndo agora do cine, baixando o lixo, no ascensor rumbo aos teus pasos. Podería saír a procurararte a ti.

Esa idea é insoportable dentro dunha cama.

Colles tres ou catro bolachas e mais un termo con té.

Agardas na rúa, nos lugares onde vos cruzastes, sempre en dirección contraria. A súa boca. A ver, concéntrate. Foi a rúa Lugrís, esquina con Dickinson? Xunto á igrexa de Darwin? Que dirección seguía el? Non miraches atrás. Talvez torceu cara abaixo, cara ao cine Orson. É posible que estea agora alí.

Montas garda. A sesión termina nunha hora. Sae a xente, precedida das súas impresións sobre a película. *Kate Winslet está tan guapa co pelo vermello. Nunca me gustou tanto o pallaso ese. Pero entón a cama na praia, que dis ti que significa?*

Os xerseis son suplantados por cazadoras e abrigos grosos, por bufandas, unha, dúas, tres voltas, e luvas. Unha lingua chucha un caramelo. Un nariz espirra. Dúas mans enlázanse, rumbo ao amor. Un grupo deixa atrás a súa charla e segue camiñando.

A charla eslúe como unha bruma e deixa unha pucharca. Chof.

Quedas ti. Soa. Nos chanzos dos multicines Orson. A noite péstate coa súa evidencia. El non era ningún.

Trabucaches.

Só vos vedes de día. En momentos laborais, tediosos.

Emprendes o regreso quentando as túas mans co termo.

O seu rostro empeza a difuminar na túa memoria. De súpeto, parecece ao de Kate Winslet, ao do amante da China norte, ao de ninguén en concreto.

Tes que ollalo nos próximos 10 días ou acabarás por perdelo.

Compras dous quilos de té no opencor.

7

Decides saír de casa cunha cámara de fotos sempre a punto.

Cun superlativo esforzo de memoria, logras lembrar case todos os lugares onde coincidistes.

Decides dar enormes rodeos para atravesar esas rúas.

Decides maquillarte para baixar a comprar o pan.

Nunca se sabe.

Decides comer na rúa, nunha terraza.

Decides tomar a liña de autobuses ata o final do traxecto para obrigarche logo a camiñar.

Decides pintar a túa habitación de rosa fértil.

Decides ser despampanante.

Logras que moitos homes miren para ti. Logras que unha fermosa muller che acariñe as coxas nun pub.

Pero non son el.

Decides chamar a antigas compañeiras do colexio que hoxe son avogadas fiscais ou preparan oposicións a cadea perpetua: pregúntaslles por el.

Lémbrano? Si, vagamente. Tiña un irmán, non? Non, nin idea, a verdade.

Pero que dis, que vos vedes a miúdo? Pois fálalle, tía, nin que foras parva.

Claro. Pff, e que sei eu se veraneaba en Sada. Eu non volvíñ velo. Estás ben?

Decides sacar o carnet de conducir.

Decides roubar un disco de Cranes.

Decides escoitar 324 veces *E lucevan le stelle*, por Jonas Kaufmann
Decides comprar un coche pequeno. Vives soa. Decides deitar cada pouco con alguén distinto para atopar o seu rostro na voráxine de rostros.
Ves toda a filmografía de Éric Rohmer
Adquires un volume de *O estudo anatómico da cabeza humana*
Vas a clases de debuxo. Tratas de reproducir esa cabeza sen éxito. A túa cabeza. A túa compulsión.

Un día calquera volves velo e:

8

El camiña como a cincuenta metros diante de min, apresurado. Eu bulo. Non podo alcanzalo. Moléstame unha voluminosa carteira que cargo con papeis do traballo. Están descontentos comigo, no traballo. Non mo din abertamente. Pero desas cousas emana un cheiro indiscutible. Cárganme de traballo extra. Insinúan *Talvez precisas unhas vacacións, Freire*. Sométenme a probas tácitas que ninguén recoñece que sexan probas pero que son experimentadas e xulgadas como probas. Sabotean o meu café. Especulan cando vou ao baño. Rin e logo finxen cotexar papeis trascendentes. Chámanme paternalmente polo meu nome de pía. Preguntan pola miña familia. Son esquivos á hora de me responder.

O traballo desconcéntrame. É unha perversión que impide ao ser humano pensar con lucidez durante as 5 horas diarias de traballo innecesario ao día. É o xeito máis sofisticado de nos abotargar: facernos crer que nos estamos realizando como persoas. Xamais escoitei unha expresión máis estúpida, un verbo máis falso que ese: *realizarse*. Volverse *real*.

Se un non traballa tende ao irreal. Entón. Un ectoplasma?

Non, un espectro. Aos que non traballan se lles olla coa conmisericordia coa

que contemplaríamos aos habitantes do limbo ou aos amoreados nun campo de refuxiados. Son case transparentes. Están de casualidade. O seu fin sobre esta terra non foi aclarado polas autoridades competentes.

Os que non traballan e, por iso, non se realizaron participan da realidade dun modo subsidiario, dun modo subvencionado, lateral... O seu mundo é real porque os demais somos tan boñños e *solidarios e demócratas e fondo social*... O traballo solidifícanos, acentúa os nosos contornos, somos recibidos en bancos, ceas navideñas, futuras familias políticas, conversacións *reais*.

A *realidade* que me asignan a cambio de manterme o soldo pésame o seu no ombreiro esquerdo. A realidade viaxa dentro dunha carteira de coiro marroquino con ferraxes pechados a presión e rodeada de bolis e pendrives. A realidade agarda por min do mesmo xeito ca un polo frío e unha cama con sabas floreadas. A realidade é un obstáculo na miña estratexia por volver ver ese rostro. Vou tirar a miña realidade ao lixo e correr.

9

A tapa do contenedor que acaba de paparse a túa carteira do traballo soa coma unha pistolada de saída. Iso significa: corre.

El lévache certa vantaxe, pero se corres dabondo e a rede semaforica éche propicia, poderás cruzar, camiñar moi axiña paralela a el sen que te vexa e volver cruzar uns metros máis arriba para topar de fronte [a súa fronte, beira do Nilo] con el.

Faralo?

Abofé, é sinxelo. É sinxelo e contas coa motivación máis poderosa que impele a un ser humano a alcanzar o que se desexa: a obsesión enfermiza. Sen obsesión enfermiza aos estadounidenses teríalles dado igual a obsesión rusa polo cosmos, xenuinamente rusa, e non se empeñarían en chegar á lúa. Sen obsesión enfermiza, Napoleón non pasaría de ter sido un curso altaneiro. Sen obsesión enfermiza explíquenme que queda de Nietzsche, Bernhard,

Welles, Lispector, Walser, ademais de pel e ósos. Sen obsesión enfermiza vostedes non chegarían ata aquí.

Os obsesos teñen a chave do cambio social.

A chave que abre e a que pecha.

Ti agora corres. O sangue non che pide explicacións: bombea e punto. O sangue é un soldado eficaz para un obseso. O seu cerebro é o problema.

El camiña axilmente, diante de ti, como unha frecha lenta que apuntase un destino en liña recta. Non se distrae, non mira cara aos lados, de modo que por un momento éntache a dúbida de que se trate del. Levas cinco ou seis meses sen velo, non sería raro que se tratase dunha miraxe de náufraga.

Non. O rostro hierático volve un instante atraído por un can que ladra e ves o seu nariz que non é nariz. O óvalo da súa cara, a súa mandorla. A metade dun ollo [os seus ollos de Giotto, o seu rostro, leira de Getsemaní] e da súa boca, boca ata saciarse.

Que non te vexa. Os teus pulmóns volveron esponxosos e soltos. O teu corazón empalidece. Sería posible que a túa garganta apertase a garganta. A sensación é o de menos cando existe unha meta no noso camiño e rozámola con só estricar un brazo.

Non te viu. Só se virou 32 ° exactos, aínda que ti ignoras o dato.

Chegaches ao cruce coa avenida. Arquexas. O fume dos coches empobrece os teus bronquios dilatados e dóche o interior do nariz e a úvula tamén. El está aínda lonxe.

Dáche tempo.

Cruzas e intentas ser radiante, logo de ter esmolado todo isto. Non é doado. O esforzo realizado para forzar o encontro descompón o xesto, descompensa. Camiñas mal, o pelo pégase ás tempas, o nariz brilla con insolencia, a túa suor lanza o seu sonar químico e custa un mundo sorrir.

Cruzaches. Alisa a saia. Finxe que algo chama a túa atención para amosar o teu perfil tres cuartos. Que te atope así, coa túa man distraída sobre o pelo, o rostro semixirado, o peito latexante como o dunha egua nova.

Que te atope así, el, que se achega, por fin, ao recordo do seu rostro faltábanlle xa tantos elementos, borráronse as cellas, o nacemento do pelo, o tipo de sorriso [A, B ó C], o grosor das pestanas inferiores, a sombra da barba [era dos que se han de barbear decote ou cada dous?], a lonxitude do pescozo e do trapecio, a cute, se será doce, salgada, aceda... todo iso estaba borrado no arquivo, a imaxe estaba danada

por favor, elixa un programa para abrir

e a túa memoria non daba co maldito programa, de modo que 14 esbozos a carbón marcharon, feitos un borrancho, ao desterro da papeleira.

Falta pouco, cada vez menos.

O seu rostro, o seu rostro. Que preto. Poderías sorrirlle. Poderías ata saudarlle. Por que non? Tes dereito. El vai ollarte. Acaba de verte. Vai devorarte uns breves segundos imaxinándote núa pedindo máis. Que se impón neste momento? A seriedade da cariátide ou a dozura da solícita? Un pequeno aceno de desexo? Si? Viría ben? Un xesto de María Callas antes de abrir a mandíbula? Algo trunfal? Ou ben algo campesiño, como quen ofrece unha galiña cos pés descalzos?

Estades a piques de cruzarvos.

El está mirándote e as súas pupilas conxélanche o sangue logo de ferverla. Aí está. O gong, reverberando baixo o sol de xullo. O rostro do fondo do pozo do teu insomnio. As cellas feridas como cormoráns. A boca, un pregue no beizo inferior que che fai idiotamente feliz e che convida a regresar á túa nenez. O nariz sen nariz. O óvalo facial merecería un cantar de Salomón e un enunciado matemático nun Anaya de bacharelato. O pelo, a xogo co teu sexo. O pescozo. Salivas se é que o pensas moito. A ollada. Algo que sobrancea por diante dos ollos, dótaos de significado, unha

especie de país independentista, a ollada, que imita algo que non sabes moi ben que, pero que do fondo do universo e do seu fin e da súa orixe e.

Levas tres millóns de anos mirando a ese home, invitándoo a poñerlle rostro aos teus acios de óvulos. Invitándoo a que te tome por detrás e che trabe no pezón esquerdo. Invitándoo a fabricar machados contigo. A afundir as mans en lama contigo. A pintar o seu rostro nunha caverna que a erosión esmiuzará.

Decides sorrir a ese rostro.

É un sorriso de gratitude.

A mesma ante un oasis.

Grazas. Atopeite. Permíteme saciarme de ti antes dunha nova travesía polo deserto.

Percibes a súa perplexidade. As súas ganas abortadas de devolverche o xesto. A súa gratitude coma un halo.

Os vosos ombreiros pasan a 2 metros 15 centímetros. E proseguen o seu traxecto sen desviarse, sen virarse, sen lamentarse. Son os ombreiros de Atlas. Cargan co peso dun mundo de posibilidades deixadas pasar.

A certeza de que xamais vos dirixiredes máis nada que olladas.

Non haberá palabras que rompan o xeo. O voso xeo é perpetuo. Cada un pasa, dentro do seu glaciar. A súa vida, os hábitos das súas mañás, os nomes dos seus amigos, as cicatrices da súa nenez, as súas palabrotas máis comúns, as súas muletillas, os seus xeitos de rifar, os seus silencios significativos, os seus zapatos... o glaciar non fende e todos eses elementos flotan nun abismo co estatuto de singularidades matemáticas: existen só porque podemos afirmalo.

Os glaciares afastan, non van ao norte nin ao sur. Son glaciares.

10

Chegas a casa. Entregas ao teu traballo, feroz. Esa noite finalizas un notable retrato da túa irmá Pandora a carbón. De memoria.

Acendes a tele. Hoxe non sairás co termo de té debaixo do brazo, así que preparas un sandwich de queixo fresco e salmón.

Calculas que coa ollada desta mañá poderás sobrevivir uns tres meses máis ou menos. Salaias. Arrincas un pelelliño do beizo superior cos dentes inferiores.

Mañá pides un aumento e unha cita co xinecólogo.

11

Ao redor de vinte días despois desvélanse os resultados:

- 1.- Despídente do traballo
- 2.- Estás grávida de catro semanas